

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE FERROL EN COMÚN PARA FREAR A SUBIDA DO PREZO DA AP-9

O Grupo Municipal Ferrol en Común, ao abeiro do disposto nos artigos 104 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, presenta no Pleno da Corporación Municipal a moción para frear a subida do prezo da AP-9.

Exposición de motivos

Recentemente coñeceuse a intención por parte da empresa AUDASA de incrementar en máis dun 9% as tarifas das peaxes da AP-9 a partir do 1 de xaneiro de 2023. Este incremento sumaríase aos xa realizados nos exercicios anteriores, que posicionaron á autoestrada galega coma unha das máis caras da Unión Europea, o que ten un impacto directo sobre as economías das familias galegas, pois a AP-9 é a vía principal de comunicación da comunidade, conectando a 5 das súas 7 principais cidades, isto é, ao redor do 70% da súa poboación.

Ademais disto, hai que engadir as evidentes dúbidas sobre a legalidade da concesión vixente a AUDASA para a xestión de dita autoestrada, ampliada dende o ano 2023 ata o 2048 mediante o Real Decreto 173/2000, de 4 de febreiro, polo que se realizou a construción do tramo da autoestrada de acceso norte a Ferrol por Fene, Neda e Narón. Esta cuestión está sinalada pola Comisión Europea por unha posible ilegalidade ao non se abrir a licitación pública para ditas obras.

Debido a que o prezo das peaxes está ligada ao IPC e regulada na Lei de Medidas Fiscais, Administrativas e de Orden Social, as tarifas das autoestradas que son de pago non deixan de subir. No ano 2004, tivo lugar a maior subida de prezos rexistrado ata o momento, con tres incrementos que sumaron 13,71 puntos ao seu prezo, dando lugar a que AUDASA conseguira os seus maiores beneficios da súa historia. As malas decisións políticas tomadas fai anos están dando lugar a que os tramos das autoestradas máis utilizadas en Galicia subiran máis do 80% nos últimos 20 anos, uns prezos que van directamente das carteiras dos galegos e galegas ás arcas da empresa concesionaria que cada ano ve aumentados os seus beneficios.

Mentres noutros lugares de España conséguese o traspaso das autoestradas, a súa nacionalización ou a súa gratuidade, coma é o caso de Sevilla-Cádiz, Turia-Alicante, Cataluña ou Madrid, en Galicia seguimos a soportar uns prezos escandalosos por algo máis de 200 kilómetros de norte a sur, unha cuestión que consideramos inxusta. Se ben é certo, o pasado ano, grazas ao acordo de orzamentos asinado polo goberno de coalición no que participa Galicia en Común, conseguimos a bonificación nas viaxes de ida e volta en toda a AP-9, un primeiro paso para aliviar ás economías familiares á hora de desprazarse polo principal vial galego, pero unha medida que queda insuficiente, e máis cando AUDASA aproveita os peores momentos da nosa sociedade para solicitar o aumento das tarifas.

Se nos centramos na nosa cidade, o traxecto da AP-9 máis utilizado pola cidadanía ferrolá, polas relacións laborais, educativas, sanitarias, administrativas e de ocio que compartimos, é o tramo Ferrol-A Coruña. Coa subida das tarifas da AP-9, pasaríamos a pagar 5,50€ por traxecto, algo totalmente inasumible para a veciñanza que ten que desprazarse con regularidade e un prezo intolerable para os 50km que nos separan. Así mesmo, cabe lembrar, o resto de medios de transporte dos que dispoñemos tampouco son unha opción viable, pois o tren é do século pasado e o servizo de autocares está a causar serios problemas aos usuarios e usuarias.

O Ministerio de Transporte ten que tomar medidas fronte a subida do 9,38% que ten previsto realizar AUDASA, xa que é totalmente inasumible para os bolsillos dos galegos e galegas, que precisan unha autoestrada pública e gratuíta.

Polo anteriormente exposto, o grupo municipal Ferrol en Común somete a votación a presente moción e os seguintes acordos:

1. Instar ao goberno estatal a recuperar a xestión das autoestradas galegas e convertelas en 100% públicas e gratuítas.

Ferrol, 21 de novembro de 2021

Jorge Suárez Fernández
Voceiro do GM Ferrol en Común